

PREGUNTA DE AER SOBRE AS DUCHAS DO CLUBE DE ATLETISMO

PLENO 29 OUTUBRO 2015. ACTA 19/2015

Nesta agrupación só temos constancia dun clube deportivo deste Concello que teña que pagar por ducharse, referímonos ao Clube de Atletismo de Redondela "C.A.R", que ten que pagar por ducharse nas instalacións da piscina municipal de Redondela.

Teñen pensado darlle unha solución a este situación?

O concelleiro MOUGAN VAZQUEZ di que non pagan por ducharse e le o seguinte escrito:

"Primeiro aclarar que realmente iso de pagar por ducharse non é así. O CAR como calquera usuario das instalacións da piscina municipal, fai uso dunha determinada actividade ofertada pola empresa ServiOcio, pola que paga unha tarifa, tarifa que lle dará dereito entre outras cosas ao uso dos vestiarios.

Se esta Agrupación, considera isto como "pagar por ducharse", entón temos que dicirle que está mal informada, por só ter constancia deste club, xa que hai máis deportistas, por diferentes motivos, que complementan os seus adestramentos na citada instalación. Non nos consta ningunha tarifa ni actividade ofertada, como só o uso das duchas.

O día 23 de xullo, ás 22:00 horas,,eu teño unha xuntanza no Concello con seis directivos do CAR, na que a temática principal e a organización da travesía a nado e os adestramentos da base.

Na parte final desta reunión, como puntos a tratar nunha xuntanza posterior enfocada á categoría sénior, comentan entre outros, que estaría ben a posibilidade de acceder a uns vestiarios para ducharse, pero polas características particulares desta modalidade deportiva (horarios, número de corredores á vez, pertenzas persoais nos vestiarios...) son eles os que me remiten a falar máis adiante.

Naturalmente que esta Concellería, ten previsto solucionar calquera problema suscitado coa práctica deportiva, intentando optimizar e dotar de calidade, calquera que sexa a modalidade a practicar.

Volvo a reiterarme, que polos condicionantes particulares, teriamos que poñer enriba da mesa a mellor solución, pero sempre apoiados na experiencia propia dos deportistas, neste caso os do CAR, e así o faremos.

Apuntar que onte mércores, o CAR, a través do seu Presidente, solicitaba unha reunión, que tivo lugar hoxe no Concello."